



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**19.06.2020**

**LUGAR:** Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

**DATA:** 19.06.2020

**HORA DE COMEZO:** 11:35

**HORA DE REMATE:** 13:30

**LISTA DE PARTICIPANTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva  
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger  
D<sup>a</sup> Raquel María Souto García  
D. José María Martín Moreno  
D. Daniel Couto Cancela  
D. Xosé Manuel Atanes Limia  
D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo  
D. Jesús Graña Nogueiras  
D<sup>a</sup> María Elvira Larriba Leira  
D<sup>a</sup> Natalia Zunzunegui Garrido  
D. César Blanco Gómez  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> María Elena Añel Cabanelas  
D. Emilio Fernández Zunzunegui  
D. Manuel González Piñeiro  
D. Javier Garrido Valenzuela  
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas  
D<sup>a</sup> Rosa María Sánchez Gándara  
D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> María Gloria Blanco Rial  
D<sup>a</sup> Yolanda López Fernández  
D. José María Franco García  
D. Antonio Macho Senra

**ESCUSAN PARTICIPACIÓN**

D. José Manuel Figueroa Vila

**NON PARTICIPARON**

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez  
D. Xoán Cebro Rodríguez  
D. Francisco Javier Casares Mouriño  
D. Daniel Barata Quintas  
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez

**SECRETARIO**

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O venres, 19 de xuño de 2020, ás 11:35 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (22.04.2020).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Acordo que proceda sobre a suspensión parcial da Normativa de permanencia no que atinxe ao procedemento de matrícula para o curso 2020/2021. (C.G. 29.04.2020).
5. Informe que proceda sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos do SUG para o curso académico 2020/2021.
6. Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables na UVigo para o curso 2020/2021 por matrículas, xestión e gastos administrativos e expedición de títulos en estudos oficiais, titulacións propias, programa de maiores e alumnado visitante.
7. Informe de actuación derivada da suspensión das actividades de Extensión Universitaria que afectan ao Consello Social: Obradoiros e Cursos e-Destrezas.

*Informes e acordos da Comisión Executiva (sesión do 13 de marzo de 2020)*

8. Exposición e perspectivas sobre o nivel de transparencia da UVigo.
9. Cursos: taxas e memorias finais. Axudas e outros acordos.

*Propostas informadas favorablemente, axudas e patrocinios aprobados pola Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 21 de maio de 2020)*

10. Ratificación, se procede, do patrocinio dun estudo sobre a empregabilidade dos estudantes de último curso de Grao e as demandas do mercado laboral.
11. Ratificación, se procede, do patrocinio para a posta en marcha da iniciativa Comunidade Alumni-UVigo para comunicación e intercambio cos antigos alumnos titulados.
12. Ratificación, se procede, da participación na produción e entrega de carpetas-guía e unha axenda aos alumnos da UVigo, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación.
13. Outros acordos.
14. Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social para a distribución das bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2020/2021, da que se dará conta no próximo Pleno.
15. Convenios asinados pola UVigo nos meses de febreiro e marzo.
16. Rogos e preguntas.

---

*O Pleno reúnese de xeito telemático, ao abeiro do artigo 24.2) de Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social, dada a situación de excepcionalidade a causa das medidas de alerta decretadas polo COVID-19. O presidente agradece a elevada participación, e transmite a posibilidade de celebrar de xeito presencial o pleno previsto para finais de xullo, se para entón se dan as circunstancias e as garantías precisas.*

### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (22.04.2020).*

- ***Apróbase por asentimento.***



## **PUNTO 2**

### *Informe do presidente.*

Refire Ernesto Pedrosa os “tempos estraños, adversos e incertos que estamos a vivir” e aconsella “convocar ás universidades” para “poñer os seus coñecementos e a súa autoridade moral no centro de operacións das nosas inquedanzas e nosas dúbidas”. Alude ao resumo do documento “La contribución socioeconómica del sistema universitario español” (remitido aos membros), no que se subliña o “extraordinario” papel que desenvolven as universidades para reducir o risco de pobreza, amortecer a exclusión social e combater as desigualdades de xénero. Afirma que a UVigo está á altura do que se espera nestes tempos, “sen deixar a ninguén atrás e abrindo camiños inexplorados durante a normalidade anterior”.

Engade que o Consello Social debe implicarse e ser implicado nas decisións que se tomen, e sobre todo para coñecer as consecuencias que terán na formación dos estudantes e nos procedementos universitarios que lles afectan, no tocante á virtualidade ou presencialidade, “velando pola ensinanza de calidade, e concibindo a universidade como espazo para estar, de encontro, de intercambio humano e de desenvolvemento persoal e de contacto”.

Salienta o presidente a “sobresaínte” predisposición amosada polo Reitor para escoitar, sobre todos ao alumnado, e a alta consideración social acadada pola institución, pola resposta inmediata e “polo exercicio sereno, efectivo e inmediato” das súas responsabilidades. Ao respecto deixa constancia das “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente para o curso 2020/2021, en caso de crise sanitaria”, aprobado en Consello de Goberno, e nas que se expoñen os posibles e distintos escenarios docentes que se puideran producir.

Destaca tamén os puntos da Orde do día (4 e 5) orientados a aliviar o esforzo económico dos universitarios galegos e das súas familias neste contexto de crise, mantendo as matrículas máis baixas do Estado, rebaixando nun 50% as primeiras matrículas dos Mestrados non habilitantes, e suspendendo parcialmente a normativa de permanencia cara ao procedemento de matrícula para o vindeiro curso.

No tocante a Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas, da conta da recente reunión co ministro de Universidades, na que se falou de incrementar a financiación dos centros públicos pola vía orzamentaria ata chegar ao 5% do PIB, aumentar o número de bolsas e reducir as esixencias económicas e académicas. Tamén se falou de vías alternativas de financiación, transferencia de resultados ás empresas e do mecenado universitario.

Remata a intervención dando resposta á petición de Elena Añel para que o Consello Social se posicione a favor de que o profesorado colaborador, asociado, axudante e axudante doutor poida acceder a percibir os mesmos complementos autonómicos que o PDI. Explica Ernesto Pedrosa que, por non estar nas competencias do Consello Social, calquera pronunciamento precisa una interlocución que non se dá neste intre pola situación excepcional que se está a vivir e polo período preelectoral no que estamos. Anuncia que quedará pendente das consultas pertinentes e da debida reflexión.

## **PUNTO 3**

### *Informe do reitor.*

Manuel Reigosa principia agradecendo as palabras do presidente. Expón o plan de medidas e solución adoptadas durante a pandemia (Vigo é a única universidade pública española que implantou un campus remoto); a plataforma de tele-docencia; as axudas a estudantes afectados pola falta de ordenador ou de conectividade, para evitar a fenda dixital; e as axudas específicas Covid-19 con bolsas para situacións sobrevidas, “para que ninguén quede fóra dos estudos por problemas económicos”, axudas que están moi por enriba das concedidas polas universidades galegas e españolas. Explica o Xemelgo virtual da UVigo, que servirá de base para desenvolver un sistema mixto de docencia en caso de necesidade, as solucións a fenda dixital (mercáronse equipamentos para 400 persoas, válidos por 4 meses nas casas), e a creación dunha bolsa dotada con 150 mil euros para estudantes con familiares afectados por ERTES ou ERES.



Á vista dos resultados dunha enquisa, considera o Reitor que as medidas tomadas durante o período de confinamento foron ben valoradas polo alumnado, e que a opinión sobre os instrumentos e canais empregados para desenvolver a docencia é satisfactoria, ao igual que a opinión sobre a atención e dedicación do profesorado. Anuncia outra enquisa, agora docente.

Explica as prestacións do Xemelgo virtual, (unha copia virtual de todas as aulas para dar clase e de todos os despachos, polo que tamén se poden facer titorías) sobre todo para cumprir os requisitos sanitarios e para que o alumnado se sinta na clase aínda que estea na casa. E informa das tres modalidades de docencia previstas segundo sexa o escenario: normalidade-adaptada nas aulas (20-30% de probabilidade); mixta, presencial e non presencial, mediante Campus Integra (suma do Campus remoto e as aulas físicas) no que o alumnado poderá seguir as clases en directo desde a casa ou dende o centro, escoitando ao profesor que está no centro, e imitando a una situación real (50-60% de probabilidade); e confinamento, para situación de peche total, mediante Campus remoto con profesorado e estudiantado na casa (10-20%). Reigosa aclara que darase prioridade á docencia presencial, "sempre que se poida".

Revela que coa Consellería estanse a negociar o programa DOING de transformación á docencia innovadora do SUG, axudas para novos modos de docencia ("blended learning"), guías docentes para situación presenciais ou non, ferramentas para aulas virtuais ou non, acción de apoio para poñer en marcha medidas extraordinarias de tipo sanitario, dixitais ou para actualización de FAITIC... e para que achegue fondos "para que as universidades poidamos afrontar un curso moi especial", cifrando en 657 mil euros os gastos imprevistos ocasionados pola Covid-19, ademais da sinalización para circular polos edificios, ou cursos de formación para aplicar o modelo mixto.

No repaso ás medidas presenta un informe de seguimento da Plataforma de tele-docencia; a evolución de accesos ao FAITIC; os datos de accesos e conexión ao Campus remoto, dispositivos e usuarios, ou as solicitudes de axuda ao Ministerio para infraestruturas, TIC, formación de PDI e PAS, e para eliminar a fenda dixital entre o estudiantado, entre outras. Presenta un calendario previsible para o curso 2020/2021, que decidirá en xullo as titulacións que se van impartir de xeito presencial ou semi-presencial. E remata reiterando que a UVigo terá docencia presencial en todos os casos que sexa posible.

Ernesto Pedrosa agradece as aportacións do Reitor. Manuel G. Piñeiro expresa o descontento da organización que representa porque o documento de medidas extraordinarias que foi tratado no Consello de Goberno e que se achega no punto 2 desta sesión non foi debatido co PDI. O Reitor resposta que está prevista unha reunión co PDI, e que nesa mesa trataranse os asuntos propios do colectivo, e que non se modificarán as condición de traballo, se ben a aposta é ambiciosa e haberá cambios en algunhas cousas.

Atanes Limia ve moi acertado o traballo que se está a facer para o próximo curso, e apela a que calquera escenario que non sexa a presencialidade se considere provisional, polo que pide estar alerta para evitar que alguén poida pretender que se queira facer docencia virtual de xeito permanente, que para iso xa está a UNED. Abunda o Reitor en que converter as universidades galegas en non presenciais sería un gran erro, "ningún reitor o permitiría, a docencia presencial non ten dúbida".

Juan Manuel Vieites considera que as solución e medidas aplicadas teñen sido eficientes e que a universidade e o equipo de goberno "estiveron á altura" porque as medidas "son moi meritorias" para unha situación tan cambiante e imprevista. Desexa que o próximo curso a universidade saia máis forte, e que as clases "sexan como sexan"- se desenvolvan ca maior eficacia posible. Reigosa salienta e agradece o traballo do seu equipo, e valora especialmente o consenso e o compromiso para acadar que o próximo curso transcorra con normalidade, porque "xa non nos pode pillar desprevidos".

#### **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a suspensión parcial da Normativa de permanencia no que atinxe ao procedemento de matrícula para o curso 2020/2021. (C.G. 29.04.2020).*

Agradece o Reitor a actitude dos estudantes durante a situación excepcional que se está a vivir, e defende a necesidade de relaxar este ano as condición e requisitos da matrícula, dadas as



circunstancias. Entende que a proposta que se fai neste punto, previamente aprobada en Consello de Goberno, é "unha boa solución", que precisa da aprobación do Consello Social.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 5**

*Informe que proceda sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos do SUG para o curso académico 2020/2021.*

Resume o presidente os novos aspectos salientables do proxecto, e a modificación do artigo 81.3.b) da Lei orgánica de universidades (LOU) pola que - para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19- suprímese o sistema de horquillas para fixar os prezos públicos das matrículas oficiais de Grao e Máster. Señala que as novas medidas suporán un aforro superior aos 20 millóns de euros en matrículas para os universitarios, entre 300 e 1.150 euros por familia, segundo o tipo de estudos elixido.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

#### **PUNTO 6**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables na UVigo para o curso 2020/2021 por matrículas, xestión e gastos administrativos e expedición de títulos en estudos oficiais, titulacións propias, programa de maiores e alumnado visitante.*

Como complemento do punto anterior, sométese a aprobación este punto, en cumprimento do disposto no artigo 81.3c) da LOU, e no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia. Na proposta remitida pola Vicerreitoría de Ordenación académica e profesorado non se modifica ningún importe nin se propoñen novos conceptos con respecto ao curso 2019/2020.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 7**

*Informe de actuación derivada da suspensión das actividades de Extensión Universitaria que afectan ao Consello Social: Obradoiros e Cursos e-Destrezas.*

O presidente da conta da comunicación da Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria anunciando a suspensión das actividades presenciais programadas para o segundo cuatrimestre de 2019/2020 como consecuencia da crise sanitaria, salvo que algún Obradoiro optase por continuar de xeito virtual. Queda afectada, polo tanto, a axuda de 12.000 € concedida polo Consello Social, a través da Comisión de actividades e servizos, para o programa "e-Destrezas".

- ***O Pleno dáse por informado.***

#### **PUNTOS 8 e 9**

*Exposición e perspectivas sobre o nivel de transparencia da UVigo.*

*Cursos: taxas e memorias finais. Axudas e outros acordos.*

Os membros dispoñen do resumo dos acordos e dunha síntese do tratado en relación coa Transparencia da UVigo e a incidencia do Consello Social na posible mellora dos indicadores ao respecto. Ernesto Pedrosa adianta a intención de invitar ao director de Análise e programas, responsable deste apartado na UVigo ao primeiro pleno presencial que se celebre, para que expoña e amplíe o referido a esta cuestión.

- ***O Pleno dáse por informado.***



### **PUNTO 10**

*Ratificación, se procede, do patrocinio dun estudo sobre a empregabilidade dos estudantes de último curso de Grao e as demandas do mercado laboral.*

Exposto o resumo do acordo informado favorablemente pola Comisión de actividades e servizos, e que chega ao Pleno, Manuel G. Piñeiro ve desaxeitado que no orzamento se contemplen dúas partidas diferentes por elaborar senllos informes en galego e castelán, entendendo que bastaría cun e posteriormente traducilo. Resposta o secretario que parece tratarse dun erro xa corrixido pola Comisión, (unha das dúas cantidades xa está descontada na axuda final concedida), ao igual que tamén se advertiu a baixa cantidade prevista para a impresión e a edición do traballo. Antonio Macho solicita que para a realización do estudo se conte tamén coa opinión dos Colexios profesionais, o que se trasladará ás autoras.

- ***Ratifícase o acordo.***

### **PUNTO 11**

*Ratificación, se procede, do patrocinio para a posta en marcha da iniciativa Comunidade Alumni-UVigo para comunicación e intercambio cos antigos alumnos titulados.*

Presentase, pola Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria, a solicitude de apoio do Consello Social ao proxecto "Comunidade Alumni-UVigo", un novo espazo de comunicación que se prevé implantar ao longo de 2020 para activar o contacto e o intercambio activo coas persoas tituladas na UVigo e establecer sinerxías, ao acubillo e como iniciativa complementaria do Observatorio de Egresados (Observatorio de persoas tituladas) creado e desenvolvido durante os últimos anos por Luis Espada e Víctor Cacharrón, co respaldo do propio Consello Social.

- ***O Pleno ratifica o acordo.***

### **PUNTO 12**

*Ratificación, se procede, da participación na produción e entrega de carpetas-guía e unha axenda aos alumnos da UVigo, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación.*

O Consello Social asumiu durante os últimos cursos a produción de carpetas-guía para os alumnos que se matriculaban por primeira vez na UVigo. Esta iniciativa será asumida dende este curso pola Vicerreitoría de Comunicación e relación institucionais, que prevé estendela a todo o alumnado, tanto de grao como de máster ou doutoramento. Coa carpeta achegarase tamén una axenda con información académica e dos servizos universitarios, na que seguirá sendo visible a presenza do Consello Social.

- ***O Pleno ratifica o acordo.***

### **PUNTO 13**

*Outros acordos.*

No resumo elaborado pola Secretaría, e enviado como documentación aos membros, consta una sinopse dos acordos da Comisión.

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 14**

*Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social para a distribución das bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2020/2021, da que se dará conta no próximo Pleno.*

Explica o presidente a dificultade de conciliar as directrices e os temporalmente limitados calendarios establecidos polo Ministerio, cos prazos necesarios mínimos para que os departamentos remitan as súas solicitudes e coa axenda de reunións do Consello Social para una resolución en tempo



seguindo os procedementos ordinarios. Como alternativa, propónse esta delegación, co compromiso de dar conta da distribución no próximo Pleno.

- ***O Pleno autoriza a delegación.***

#### **PUNTO 15**

*Convenios asinados pola UVigo nos meses de febreiro e marzo.*

- ***O Pleno dáse por informado.***

#### **PUNTO 16**

*Rogos e preguntas.*

Intervén Elena Añel para agradecer a comunicación do presidente adiando a resposta -polas circunstancias excepcionais- respecto da súa petición de que o Consello Social se pronuncie a favor de estender o pago dos complementos autonómicos a todo o PDI, quedando á espera de contestación máis adiante. Pregunta seguidamente polo Máster de Enxeñaría aeronáutica e os termos do posible acordo acadado entre Ourense e Coruña para impartilo. Respecto das medidas extraordinarias pola situación que se está a vivir, subliña a resposta "exemplar" que están a dar os colectivos universitarios, e dende a organización que representa confía en que se poidan concordar todas as accións, logo de acadar o compromiso de negociación. Elena Añel fai finalmente unha contundente defensa da presencialidade e alude neste senso ao programa DOING (que xeneralizaba a docencia mixta, presencial e online xa no curso 21/22), proposto e retirado pouco despois pola Xunta de Galicia ao xerar un amplo rexeitamento entre docentes, sindicatos e colectivos das tres universidades galegas, e que Añel cualifica de "pouco presentable" no fondo e na forma.

Manuel G. Piñeiro pide que conste a súa abstención nos puntos 9 e 10 do pleno anterior (ao que non puido asistir), por ser asuntos remitidos pola Comisión Económica e nos que se manifestou neste senso. Sinala o secretario que no punto 9 xa consta a abstención, e que se incorporará tamén ao punto 10.

Pecha o presidente lembrando que o próximo Pleno reunirase o vindeiro día 29, tamén de xeito virtual, para abordar unha Orde do día de marcado carácter económico.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 19 de xuño de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias